

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

**16235** *Real decreto 855/2021, do 5 de outubro, polo que se modifica o Estatuto da SEPES Entidade Pública Empresarial de Solo (SEPES), aprobado polo Real decreto 1525/1999, do 1 de outubro.*

Con data do 2 outubro de 2015, publicouse no «Boletín Oficial del Estado» (BOE núm. 236) a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que supuxo para a Administración e, en particular, para o sector público institucional estatal, en que se integra a SEPES, a apertura dun proceso de adaptación, de conformidade co recollido nas súas disposicións adicionais e transitorias.

O 2 de outubro de 2016, transcorrido un ano desde a súa publicación, a lei entrou en vigor de acordo coa previsión da disposición derradeira décimo oitava.

Coa entrada en vigor da lei, as entidades e organismos públicos que integran o sector público estatal existentes naquel momento debían adaptarse ao seu contido no prazo de tres anos e rexerse, ata que se realice a adaptación, pola súa normativa específica (disposición adicional cuarta da Lei 40/2015, do 1 de outubro). O dito prazo foi modificado e ampliado pola disposición derradeira 34.14 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, ata o 1 de outubro de 2024.

Por esta razón, faise necesario modificar o Estatuto da SEPES Entidade Pública Empresarial de Solo (SEPES), aprobado polo Real decreto 1525/1999, do 1 de outubro, e adaptalo ás previsións da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro, de conformidade co disposto na súa disposición adicional cuarta e, en particular, co establecido na sección 3.<sup>a</sup>, capítulo III, do título II da lei, ao definir e regular as entidades públicas empresariais, así como todos aqueles preceptos de aplicación polos que se regulan a organización e funcionamento do sector público institucional, as disposicións xerais e os principios de actuación e funcionamento do sector público.

Polo anterior, este real decreto adecúase aos principios de boa regulación no exercicio da iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria, establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Cumpre cos principios de necesidade e eficacia, xa que ten como finalidade efectuar a preceptiva adaptación do Estatuto ás previsións introducidas pola Lei 40/2015, do 1 de outubro. É acorde tamén co principio de proporcionalidade, ao ser o medio adecuado para cumprir co dito obxectivo, sen afectar de ningunha forma os dereitos e deberes da cidadanía. Así mesmo, cumpre co principio de seguridade xurídica ao quedar engarzado co ordenamento xurídico, e é coherente con el. É acorde co principio de transparencia, xa que identifica claramente o seu propósito e é accesible á cidadanía. Finalmente, é tamén adecuado ao principio de eficiencia, xa que non impón cargas administrativas.

Na súa virtude, por proposta conxunta das ministras de Facenda e Función Pública e de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de outubro de 2021,

## DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Estatuto da SEPES Entidade Pública Empresarial de Solo (SEPES), aprobado polo Real decreto 1525/1999, do 1 de outubro.*

O Estatuto da SEPES Entidade Pública Empresarial de Solo (SEPES), aprobado polo Real decreto 1525/1999, do 1 de outubro, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 do Estatuto queda redactado como segue:

«Artigo 1. *Natureza xurídica.*

1. A SEPES Entidade Pública Empresarial de Solo (en anagrama, SEPES), configúrase como unha entidade pública empresarial das previstas nos artigos 84.1.a).2.º e 103 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, adscrita ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través da Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a quen, como órgano de adscrición, corresponden a dirección estratéxica, a avaliación dos resultados da súa actividade e o control de eficacia, nos termos previstos no artigo 85 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. A SEPES goza de personalidade xurídica pública diferenciada da do Estado, plena capacidade xurídica e de obrar para o cumprimento dos seus fins, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión, e réxese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e polo presente estatuto.»

Dous. O artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Réxime xurídico.*

Os actos da Entidade réxense polo dereito privado, excepto na formación da vontade dos seus órganos, no exercicio das potestades administrativas que lle poidan ser atribuídas e nos aspectos especificamente regulados para as entidades públicas empresariais na Lei 40/2015, do 1 de outubro, lexislación orzamentaria e administrativa en vigor, resto de normas de dereito administrativo xeral e especial que lle sexan de aplicación, e polo presente estatuto.»

Tres. O punto 1 do artigo 4 queda redactado como segue:

«1. Constitúen o obxecto da Entidade:

1.º Promoción, adquisición e preparación de solo para asentamentos industriais, residenciais, terciarios e de servizos, así como o seu correspondente equipamento.

2.º Adquisición, por calquera título, de terreos destinados á formación de reservas de solo, preparación de soares ou calquera outra finalidade análoga.

3.º Execución de actuacións de rehabilitación e rexeneración urbana, ou reforma urbana de espazos públicos, así como rehabilitación ou reforma de inmoables e instalacións de titularidade pública.

4.º Execución de plans e proxectos de urbanización, creación e execución de infraestruturas urbanísticas e as actuacións protexidas en materia de vivenda que lle encomenden as administracións competentes.

5.º Realización das actuacións que, en materia do seu obxecto social, lle encomenden as administracións públicas, de calquera tipo e incluso as que se conviñeren coa iniciativa privada.

6.º Calquera outra actividade relacionada coas expresadas nos puntos anteriores, incluso a construción, arrendamento e alleamento de edificacións de calquera uso.

7.º Participación en negocios, sociedades e empresas para os fins recollidos nos puntos anteriores.»

Catro. O artigo 7 queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Convenios.*

1. Cando sexa necesario ou conveniente para o mellor desempeño das súas funcións, a Entidade poderá celebrar os convenios con calquera das administracións públicas que ambas as partes consideren pertinentes.

2. Especificamente, poderá subscribir calquera outro convenio en materia de actuacións de preparación, promoción e equipamento de solo que, con carácter urbanístico ou sen el, a Entidade poida concluír con entidades públicas e privadas para o mellor cumprimento dos ditos fins.

3. Será necesaria a autorización da persoa titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana cando dos ditos convenios poida derivar incidencia orzamentaria en contía superior á previamente fixada por el.

4. Os convenios celebrados pola entidade suxeitaranse ás prescricións establecidas para os convenios nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

5. Non obstante o establecido no punto anterior, no caso de que a SEPES celebre convenios de carácter urbanístico ou necesarios para a execución de actuacións urbanísticas, previstos no punto 2, estes axustaranse ademais ás prescricións que estableza a lexislación urbanística autonómica en vigor, así como á lexislación urbanística estatal e de réxime do solo e de vivenda do Estado.

O prazo de vixencia destes convenios será o que determine a lexislación urbanística aplicable, de conformidade co establecido no artigo 49.h).1.º da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6. O establecido neste artigo será tamén de aplicación para os convenios de carácter urbanístico ou necesarios para a execución de actuacións urbanísticas que se encontren vixentes.»

Cinco. A letra b) do punto 1 do artigo 9 queda redactada como segue:

«b) Sete conselleiros, dos cales cinco serán designados pola persoa titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e dous pola persoa titular do Ministerio de Facenda e Función Pública.»

Seis. O punto 1 do artigo 11 queda redactado como segue:

«1. Ao Consello de Administración da Entidade correspóndenlle, conforme o presente estatuto e de acordo co previsto na lexislación vixente, as seguintes competencias:

1.ª Representar a Entidade en xuízo e fóra del, en calquera acto ou contrato e ante toda persoa ou entidade, xa sexa pública ou privada. O Consello, sen prexuízo das facultades de representación, así mesmo, atribuídas ao presidente e ao director xeral polos artigos 6.1 e 18.3.7.º deste estatuto, poderá conferir e revogar a persoa ou persoas determinadas poderes xerais, especiais e para a representación en xuízo da Entidade.

2.ª Organizar, dirixir e inspeccionar o funcionamento da Entidade. Aprobar os criterios xerais sobre a organización e estrutura da Entidade e as directrices para a elaboración e a modificación do cadro de persoal, e adaptar a denominación das direccións en atención a eles.

3.<sup>a</sup> Ditar as normas de funcionamento do propio Consello no non previsto neste estatuto e mentres non se opoñan ao previsto na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4.<sup>a</sup> Elaborar o programa de actuación plurianual a que se refire a Lei 47/2003, do 26 de novembro, e acordar a súa remisión, xunto co resto de documentación adicional, de conformidade co disposto na dita lei, ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Así mesmo, correspóndelle elaborar o plan anual de actuación, así como as súas modificacións, de acordo co previsto no artigo 92 da Lei 40/2015, e elevalos ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a súa aprobación.

5.<sup>a</sup> Aprobar inicialmente os orzamentos anuais de explotación e capital da Entidade e elevalos ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a súa tramitación conforme o establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

6.<sup>a</sup> Aprobar o balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria explicativa da xestión anual da Entidade e a aplicación de resultados.

7.<sup>a</sup> Solicitar do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana autorización para concertar os empréstitos, operacións de crédito e demais operacións de financiamento para a Entidade.

8.<sup>a</sup> Determinar as actuacións de preparación de solo que realice a Entidade por iniciativa propia.

9.<sup>a</sup> Aceptar as actuacións de infraestrutura urbanística, así como as que, en materia de preparación de solo, encomenden á Entidade as administracións públicas de calquera tipo, e sinalar as condicións para a súa realización.

10.<sup>a</sup> Convir coa iniciativa privada actuacións en materias propias do seu obxecto social.

11.<sup>a</sup> Aprobar as normas de comercialización dos bens e dereitos da Entidade e as súas modificacións, así como os prezos e condicións de alleamento dos terreos, urbanizados ou non.

12.<sup>a</sup> Actuar como órgano de contratación da Entidade, aprobando os acordos, pactos e convenios e celebrando os contratos que sexan necesarios ou convenientes para a realización dos fins da Entidade, incluídos os referentes á adquisición ou alleamento de inmobles, constitución de dereitos reais e subscripción de arrendamentos, así como resolver sobre toda clase de negocios e operacións permitidas á Entidade pola lei e polo presente estatuto.

13.<sup>a</sup> Decidir sobre a participación en negocios, sociedades mercantís ou empresas, nacionais ou estranxeiras, cuxo obxecto estea relacionado cos fins e obxectivos da Entidade, así como acordar a participación da Entidade e a creación dunhas e doutras, fixando as súas formas e condicións, todo iso de acordo coas disposicións ao respecto da Lei xeral orzamentaria e demais lexislación concordante.

14.<sup>a</sup> Autorizar os gastos e dispoñer dos fondos e bens da Entidade, así como reclamálos e cobralos, de acordo coas normas e usos comerciais.

15.<sup>a</sup> Acordar o conveniente sobre o exercicio das accións e a interposición de recursos que correspondan á Entidade, tanto xudiciais como administrativos, en defensa dos seus intereses ante as administracións públicas e os tribunais de xustiza de calquera orde, grao e xurisdición.

16.<sup>a</sup> Nomear e separar o persoal directivo da Entidade, de conformidade cos criterios establecidos no punto 11 do artigo 55, en relación co punto 2.a) do artigo 106 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e determinar as súas funcións e retribución, de acordo cos principios e procedementos establecidos na normativa vixente e co contido do presente estatuto.

17.<sup>a</sup> Aprobar os criterios xerais de actuación en materia de persoal para cada exercicio, así como as súas modificacións e condicións retributivas básicas, de acordo cos principios establecidos na normativa laboral ou orzamentaria vixente.

18.<sup>a</sup> Aprobar o inventario de bens e dereitos, tanto propios como adscritos, previsto nos artigos 32 e 33 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, e no artigo 26 do presente estatuto.

19.<sup>a</sup> O exercicio das potestades administrativas que sexan atribuídas á Entidade, de conformidade co previsto no artigo 105.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

20.<sup>a</sup> As demais que se lle atribúen no presente estatuto e en calquera outra normativa legal en vigor.»

Sete. O punto 3 do artigo 12 queda redactado da forma seguinte:

«3. Sen prexuízo do anterior, non poderán ser obxecto de delegación as facultades que corresponden ao Consello de Administración a teor dos parágrafos 3, 4, 5, 6, 7, 8, 11, 13, 16, 17, 18 e 19 do artigo 11.1 do presente estatuto, nin aqueles actos de disposición que supoñan compromisos económicos por contía superior a 850.000 euros. Será necesaria a autorización da persoa titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para actualizar a dita cantidade.»

Oito. O punto 6 do artigo 13 queda redactado como segue:

«6. O réxime de constitución e funcionamento do Consello de Administración, en todo o non regulado neste estatuto, axustarase ás normas contidas na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.»

Nove. O artigo 14 queda redactado como segue:

«Artigo 14. *Réxime de compensacións por asistencia ao Consello de Administración.*

Os membros do Consello de Administración poderán percibir asistencias cando así o autorice o Ministerio de Facenda e Función Pública, nas contías que fixe o propio Consello e sempre que non superen as que o dito ministerio poida ter determinado como contía máxima e cumpran os requisitos previstos no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. Todo iso sen prexuízo do cumprimento do disposto no artigo 8 do Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades.»

Dez. Os puntos 5 e 6 do artigo 16 quedan redactados como segue:

«5.<sup>a</sup> Elevar e propoñer ao Consello de Administración cantos asuntos teñan que ser obxecto da súa consideración e, concretamente, os orzamentos de explotación e capital, o programa de actuación plurianual, o plan anual de actuación e a aplicación de resultados, así como as contas anuais.

6.<sup>a</sup> Propoñer ao Consello de Administración o nomeamento do secretario do Consello e demais persoal directivo, así como as súas retribucións e as do director xeral, que se deberán adecuar á normativa laboral e orzamentaria vixente.»

Once. O artigo 17 queda redactado como segue:

«1. O director xeral da Entidade será nomeado e separado do seu cargo por acordo do Consello de Ministros por proposta da persoa titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

2. A súa retribución será autorizada polo Ministerio de Facenda e Función Pública de conformidade coa normativa vixente.»

Doce. Os puntos 2 e 3.9.º do artigo 18 quedan redactados como segue:

«2. O director xeral asistirá ás sesións do Consello e das súas comisións con voz, pero sen voto, e terá a retribución que determine o Consello, de conformidade coa normativa vixente.»

«3.9.º Contratar o persoal da Entidade, logo de autorización do presidente, así como fixar a súa retribución, de acordo cos criterios sinalados polo Consello de Administración e co establecido, se for o caso, no correspondente convenio colectivo, e de conformidade coa normativa vixente.»

Trece. O artigo 19 queda redactado como segue:

«Artigo 19. *Incompatibilidade do director xeral.*

O director xeral estará sometido ao réxime de incompatibilidade de actividades e control de intereses establecido pola lexislación de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral do Estado e as súas disposicións concordantes ou de desenvolvemento e, en particular, polo que dispón a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado.»

Catorce. O punto 3 do artigo 21 queda redactado como segue:

«3. A retribución do secretario será determinada polo Consello de Administración, por proposta do seu presidente, logo dos trámites sinalados na normativa orzamentaria, de conformidade coa normativa vixente.»

Quince. O artigo 22 queda redactado do seguinte modo:

«1. A estrutura orgánica a nivel directivo da Entidade organízase en cinco direccións, creadas logo dos trámites sinalados na normativa orzamentaria. O Consello de Administración será o encargado de precisar as funcións atribuídas a elas para o cumprimento dos fins que teñen encomendados, no marco dos criterios que, para este efecto, establece o Ministerio de Facenda e Función Pública, e as súas funcións xerais son as que se describen a seguir:

a) A Secretaría Xeral, á cal corresponden a coordinación xeral e o apoio e prestación de servizos básicos ao resto das direccións, divisións e unidades orgánicas, ten asignadas aquelas funcións de carácter xeral e excepcional que poidan incidir na marcha da Entidade. A persoa titular da Secretaría Xeral serao tamén da Secretaría do Consello.

b) A Dirección Económico-Financeira, que exercerá as funcións de planificación e xestión financeira, orzamentaria e tributaria da Entidade, así como de interlocución coa Intervención Xeral da Administración do Estado e co Tribunal de Contas, no desenvolvemento das auditorías das contas e da actividade da Entidade, así como co Ministerio de Facenda e Función Pública en todos os asuntos con transcendencia tributaria.

c) A Dirección de Producción, á cal corresponde a xestión e dirección do proceso produtivo da Entidade, ten asignadas aquelas funcións relacionadas coa concertación de actuacións, a formulación, a redacción e a tramitación dos instrumentos urbanísticos de planificación, de programación e proxectos necesarios para a execución das obras, así como o seu control e supervisión.

d) A Dirección Comercial, que ten como función esencial a definición da política comercial e a comercialización dos activos da Entidade, nos termos e condicións aprobados polo Consello de Administración.



e) A Dirección de Relacións Institucionais, que asume as funcións de relación cos medios de comunicación, responsabilidade sobre a imaxe da Entidade e a súa proxección ao exterior, a organización dos actos protocolarios e institucionais vinculados á actividade e, en xeral, toda a política de comunicación vinculada á actividade promotora e comercial.

2. O desenvolvemento da dita estrutura orgánica, dentro dos criterios xerais de actuación en materia de persoal que poida sinalar o Consello de Administración, conforme o artigo 11.1.17 deste estatuto, será competencia do director xeral da Entidade, de acordo co artigo 18.3.10 deste estatuto.»

Dezaseis. O punto 1 do artigo 23 queda redactado como segue:

«Artigo 23. *Patrimonio da Entidade.*

1. O réxime patrimonial da Entidade será o establecido neste estatuto, nas normas de comercialización dos bens e dereitos da Entidade e, no non previsto neles, o establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de conformidade co disposto no artigo 107 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.»

Dezasete. O parágrafo 2.º do artigo 24 queda redactado como segue:

«Os recursos económicos da SEPES, de conformidade co artigo 107 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, estarán integrados por:»

Dezaioito. O artigo 26 queda redactado como segue:

«Artigo 26. *Inventario.*

A SEPES formará e manterá actualizado un inventario da totalidade dos seus bens e dereitos que constitúan o seu patrimonio, de conformidade coa Lei 33/2003, do 3 de novembro, así como os que lle fosen adscritos para o cumprimento dos seus fins, coa única excepción dos de carácter funxible.

O inventario revisarase, se for o caso, anualmente, con referencia ao 31 de decembro de cada ano, e someterase á aprobación do Consello de Administración, para a súa remisión anual ao Ministerio de Facenda e Función Pública.»

Dezanove. O punto 1 do artigo 27 queda redactado como segue:

«Artigo 27. *Réxime de contratación.*

1. A contratación da SEPES réxese polas previsións contidas ao respecto na lexislación de contratos do sector público, sen prexuízo do disposto nos artigos 2 e 5 deste estatuto.»

Vinte. O artigo 29 queda redactado como segue:

«Artigo 29. *Programa de actuación plurianual. Plan anual de actuación.*

1. A SEPES elaborará e tramitará anualmente un programa de actuación plurianual, que responderá aos plans e previsións plurianuais que se elaboraren, conforme o disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Tal programa, acompañado da documentación adicional de conformidade co disposto na dita lei, remitirase ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, para os efectos establecidos no artigo 66 da citada lei.

2. No caso de que a Administración xeral do Estado e a SEPES conclúsen un contrato-programa, o programa de actuación plurianual deberá ser coherente coas súas previsións.

3. Así mesmo, a SEPES elaborará o plan anual de actuación previsto no artigo 92 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que deberá ser aprobado no último trimestre do ano natural polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e que deberá gardar coherencia co programa de actuación plurianual previsto na normativa orzamentaria. O plan de actuación incorporará, cada tres anos, unha revisión da programación estratéxica da Entidade.»

Vinte e un. O artigo 30 queda redactado como segue:

«Artigo 30. *Contabilidade.*

A SEPES, conforme o establecido no artigo 108 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, estará sometida ao réxime de contabilidade previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, para as entidades públicas empresariais.»

Vinte e dous. O artigo 32 queda redactado como segue:

«Artigo 32. *Réxime de control.*

De acordo co establecido no artigo 108 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o réxime de control da xestión económico-financeira da SEPES realizarase de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro.»

Vinte e tres. O punto 1 do artigo 34 queda redactado da forma seguinte:

«1. A SEPES elaborará anualmente os seus orzamentos estimativos de explotación e de capital, coa estrutura que determine o Ministerio de Facenda e Función Pública, e, unha vez aprobados inicialmente polo Consello de Administración da Entidade, serán tramitados na forma establecida pola Lei xeral orzamentaria para as entidades públicas empresariais. O orzamento de capital deberá ir acompañado do detalle plurianual dos proxectos de investimento financiados por el.»

Vinte e catro. O punto 2 do artigo 37 queda redactado como segue:

«2. O Ministerio de Facenda e Función Pública, de acordo co establecido no artigo 106.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, establecerá, coa periodicidade adecuada, os controis específicos sobre a evolución dos gastos de persoal e sobre a xestión dos recursos humanos, conforme os criterios previamente establecidos.»

Vinte e cinco. Os puntos 1, 2 e 4 do artigo 38 quedan redactados como segue:

«1. Terán a consideración de persoal directivo da Entidade os directores que asuman a xefatura ou se encontren á fronte das direccións, de acordo co disposto no artigo 22 deste estatuto.

2. O persoal directivo da Entidade será nomeado e separado libremente polo Consello de Administración, por proposta do presidente. O seu nomeamento efectuarase por designación directa, atendendo aos criterios establecidos no punto 11 do artigo 55, en relación co punto 2.a) do artigo 106 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de competencia profesional e experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada.

4. As retribucións do persoal directivo serán determinadas polo Consello de Administración, por proposta do seu presidente, logo dos trámites sinalados na normativa orzamentaria, de conformidade coa normativa vixente.»



Vinte e seis. O punto 3 do artigo 39 queda redactado como segue:

«3. Os órganos competentes en materia de determinación de retribucións determinarán e fixarán as súas retribucións, nos termos e condicións a que se fai referencia no presente estatuto e conforme a normativa laboral ou orzamentaria en cada momento aplicable.»

Disposición derradeira primeira. *Referencias aos órganos suprimidos.*

1. As referencias á Secretaría de Estado de Vivenda e Actuacións Urbanas feitas no Real decreto 1525/1999, do 1 de outubro, polo que se aproba o Estatuto da Entidade Pública Empresarial de Solo (SEPES), entenderanse efectuadas á Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

2. As referencias no Real decreto 1525/1999, do 1 outubro, aos órganos suprimidos polo Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, entenderanse realizadas aos que, mediante esta última norma, se crean e os substitúen ou asumen as súas competencias.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de outubro de 2021.

FELIPE R.

O ministro da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,  
FÉLIX BOLAÑOS GARCÍA